

1 Separa os elementos que forman estas palabras compostas. Despois, escribe outra que conteña un deles. Repara no modelo:

Parabrisas: para + brisas. Paracaídas.

Abrecartas: +

Maleducado: +

Auganeve: +

2 Rodea as contraccións de preposición + artigo:

- a) O can pasou a tarde xogando cunha pelota.
 - b) Remexe ben o cocido cun cullerón.
 - c) A mediados do mes imos ir de excursión cos veciños.
 - d) Hoxe pola mañá fomos ao castro de Elviña.
- Di que elementos compoñen as contraccións anteriores.
-

3 Le este texto. Despois, rodea os posesivos que aparezan e clasifícaos segundo indiquen un só posuidor ou varios:

Comparto a miña habitación co meu irmán. Cada un dorme na súa cama, ten o seu armario e as súas cousas... Pero só hai un ordenador, o noso ordenador, e cando eu estou a facer os meus traballos do cole, sempre vén el dicindo que o necesita. A nosa nai di que vai poñer un cartel na nosa porta con esta mensaxe: «Lembrade: Prohibido rifar no voso cuarto».

un só posuidor:.....

varios posuidores:

4 Escribe:

- a) Os nomes e apelidos do teu pai e da túa nai.
-

- b) Os nomes de tres vilas ou cidades que coñezas.
-

- c) O título dunha película que teñas visto.
-

1 Todos coidan da nosa saúde, pero... de que se ocupa, en concreto, cada un destes médicos? Completa as casas co número que corresponda:

- | | | |
|-----------------------------------|--------------------------------------|-----------------------------------|
| <input type="checkbox"/> pediatra | <input type="checkbox"/> cirurxián | <input type="checkbox"/> dentista |
| <input type="checkbox"/> otorrino | <input type="checkbox"/> dermatólogo | <input type="checkbox"/> oculista |

- | | |
|--------------------------|---------------------------|
| 1. afeccións da pel | 4. enfermidades dos ollos |
| 2. enfermidades do oído | 5. fai operacións |
| 3. enfermidades de nenos | 6. coidado dos dentes |

2 Escribe a palabra primitiva da que deriva cada unha destas:

- | | |
|-------------------|---------------------|
| enfermeiro: | apendicite: |
| saudable: | hospitalario: |

3 Escribe unha pregunta para cada unha destas respostas:

a)

Son as catro menos cinco.

b)

En Pontecesures, preto de Padrón.

c)

En 5.º A.

d)

Lingua e Matemáticas.

4 Pon . ou ! segundo conveña:

Gañei un premio As fins de semana vou á aldea

No cole comemos á unha Que frío vai

Cantos agasallos Hai que mercar leite e ovos

Hoxe fun ao supermercado Que tarde é